


O ESTADO MODERNO

Tras a convulsa época feudal, na que o poder estaba distribuído de xeito desigual entre diferentes señores e a Igrexa, iníciase a Idade Moderna.

As monarquías autoritarias

A Idade Moderna comeza ao final do século XV e caracterízase porque as **monarquías feudais se transforman en monarquías autoritarias**. Os reis impoñíense e reafírmanse no seu poder.

As principais actuacións que levaron a cabo os monarcas autoritarios foron as seguintes :



1 Burocrática: referida ao conxunto dos servidores públicos

2 Bélica: referida á guerra

A principios do século XVI, algunhas das principais monarquías autoritarias europeas foron:

- **Inglaterra:** Tras unha serie de conflitos internos, será a dinastía Tudor a que se impoñía e acceda ao poder. Enrique VIII é o monarca que consolida o poder real. Mantívose no trono entre 1509 e 1547, ano da súa morte.

- **Francia:** Tras a guerra dos Cen Anos con Inglaterra, reinou Francisco I desde 1515 a 1547, ano da súa morte. Converteuse nunha potencia de primeira orde.

- **Portugal:** O rei João II, como outros monarcas da época, controlou a nobreza portuguesa e, ao igual que España, iniciaría proxectos de “ampliación” do mundo coñecido no momento. Reinou dende 1481 ata 1495, ano da súa morte.

- **España:** O punto de partida das monarquías autoritarias será a unión entre as coroas de Castela e Aragón por parte dos Reis Católicos. Estes estiveron no trono dende 1474 ata 1516, ano da morte de Fernando.

Inicio da Idade Moderna en España: os Reis Católicos

En España, a monarquía autoritaria chega da man dos **Reis Católicos**, que asentaron as bases dun Estado moderno.

Isabel e Fernando casan no **1469**. Teñen como obxectivo consolidar o seu poder e alcanzar os tronos de Castela e Aragón. Isabel converteríase en raíña de Castela en **1474** e Fernando en rei de Aragón en **1479**. Desde entón, os destinos de ambas dúas coroas fundíronse na chamada **unión dinástica**.

As principais medidas que puxeron en marcha os Reis Católicos foron:

- Creáronse as **chancelerías**, que eran tribunais baixo o control real.
- Nomearon representantes do poder real nos territorios, chamados **corrixidores**.
- Implantaron unha especie de policía contra as pillaxes e o bandoleirismo, a **Santa Irmandade**.
- Crearon un **exército ao seu servizo** que loitaba nas diferentes fronteiras militares abertas por Europa e África.
- Rodeáronse de grupos de expertos en diferentes materias que os asesoraban nos asuntos de goberno, denominados **Consellos**.
- Buscaron fórmulas para ingresar maiores cantidades de recursos económicos, como **cambios na facenda e suba de impostos**.
- **Unificaron a relixión** nos seus reinos. Expulsaron os xudeus e os musulmáns.
- **Expandiron os seus dominios**: tras os sete séculos de Reconquista, dispuxéronse a tomar lugares no norte de África, Europa, as Illas Canarias e América.



Grupo escultórico dos Reis Católicos con Cristóbal Colón no parque do Alcázar dos Reis (Córdoba).

Inmortaliza a primeira reunión que lle concederon ao navegante.

Actividade 1: Ordena de maior a menor importancia, segundo o teu criterio e xustificando, as medidas que tomaron os Reis Católicos ao chegar ao poder.

A conquista e colonización de América

Durante a época dos Reis Católicos, un mariño xenovés chamado **Cristovo Colón**, co apoio de diferentes personalidades, entre eles os Reis Católicos, chegou ao continente americano en 1492. Os factores que influíron no éxito desta empresa foron:

- **Os avances científicos** con relación á cartografía marítima, os aparatos de medición para a orientación dos navegantes e a construción de naves grandes que podían percorrer enormes distancias.

- A necesidade de buscar **rotas alternativas** cara ás Indias que non fosen só os itinerarios coñecidos pola subministración de especias e seda.

Ao chegar a América, os españois encontraron **culturas precolombinas**. En Centroamérica existían os **maias** e os **aztecas**, e en América do Sur, os **incas**. A conquista dalgúns territorios foi bastante máis rápida do esperable por estas razóns:

- **A superioridade militar dos españois** pola experiencia e a táctica en combate tras séculos de loita en España contra o poder musulmán.

- **A desunión existente entre pobos americanos**, enfrontados uns contra outros.

- **O mundo relixioso indíxena**, pois vían aos españois como deuses invencibles.

- **A crise demográfica** desencadeada entre os pobos indíxenas debido ás novas enfermidades traídas polos europeos, como a varíola ou a gripe.

A monarquía española creou divisións administrativas do territorio conquistado, os denominados **vicereinos**, que irían variando en número e nos seus límites durante todo o tempo de ocupación de España en América. Estes á súa vez estaban **subdivididos en gobernacións e capitanías**. Á fronte de todos eles encontrábase xente da **nobreza española**.

Ademais, creouse o chamando **Consello de Indias**, composto por expertos asesores para a xestión dos asuntos americanos.



Desembarco de Colón desde o porto de Palos (Huelva) o 3 de agosto de 1492.
Gravado do século XIX.

Actividade 2: Sinala as causas da rápida conquista do territorio americano.

A monarquía hispánica no século XVI

Os reis Católicos procuraron pactar os **matrimonios dos seus fillos** para aseguraren o dominio da monarquía hispánica en Europa, que se prolongou durante os séculos XVI e XVII.

O reinado de Carlos I

No ano 1516, Carlos I, neto dos Reis Católicos, herdou un conxunto enorme de territorios tanto dos seus avós maternos como paternos, así como o título de **emperador**. Convertíase así nun dos personaxes máis importantes do momento e, como despois se demostrou, da historia de España.

Carlos I ampliou as posesións territoriais, pero participou en conflitos internacionais, como os **enfrentamentos con Francia**, o **avance do Imperio turco**, o **problema protestante** pola conversión dalgúns príncipes alemáns á nova relixión de Lutero, etc.

Durante o seu reinado tiveron lugar as conquistas fóra de Europa (á custa de innumerables sacrificios económicos), afondouse na organización do Estado e emprendeuse unha batalla contra o **protestantismo**.

O reinado de Filipe II


Filipe II, fillo de Carlos I, continuou a política do seu pai desde 1556, ano en que se iniciou o seu reinado. Chegou a ter un poder inmenso. Filipe II **unificará a península ibérica** durante algún tempo, xa que conseguiu acceder ao trono portugués. Mantivo unha política exterior moi custosa, con conflitos militares en territorios de medio mundo, desde Europa a África e América.

Estas políticas expansionistas que pretendían converter España nun **poderoso Imperio mundial** levarían a Carlos e Filipe a ter problemas económicos case constantes e recorrer a préstamos de banqueiros estranxeiros.

A situación socioeconómica no século XVI

A sociedade española seguía dividida entre **privilexiados** (a nobreza e o clero) e **non privilexiados** (o pobo). O grupo privilexiado case non pagaba impostos e podía acceder aos principais cargos do goberno e á Administración, mentres que o pobo, ademais de dedicarse en exclusiva ás actividades produtivas, tiña que soportar enormes tributos da **nobreza** e a **Igrexa** e non podía participar nas tarefas de goberno.

Existían enormes diferenzas entre os estamentos (nobreza, clero e pobo) e tamén dentro de cada un deles. A alta nobreza e o alto clero



eran propietarios de grandes extensións de terra, non pagaban impostos e tiñan influencia na Corte, mentres que a nobreza de menor nivel e o baixo clero se parecían máis a algúns sectores do pobo nas súas formas de vida e, en ocasións, malvivían sen apenas recursos.

O pobo formábanlo campesiños, artesáns e comerciantes. Os niveis de riqueza neste grupo variaban moito; un gran comerciante, por exemplo, podía ter moitos recursos, pero non un campesiño sen terras, que traballaba ao abeiro dun nobre.

No século XVI, a economía centrábase na **agricultura** e a **gandería transhumante**. Unha das principais actividades foi o **comercio**, debido aos intercambios co Novo Mundo e á chegada a España de metais preciosos.

A monarquía hispánica no século XVII



A infanta Margarita de Austria, filla de Felipe IV, era a principal candidata para chegar ao trono en caso de falecemento do herdeiro, o seu irmán Carlos, sempre delicado de saúde.

DIEGO DE VELÁZQUEZ. *Infanta Margarida de Austria* (1660)

A época de esplendor do Imperio español chegará á súa fin. Esta situación debeuse a diferentes causas, entre as que destacan as seguintes:

- **A falta de liderado** dos sucesores de Filipe II (os monarcas **Filipe III, Filipe IV e Carlos II**, denominados “ Austrias menores”) . Estes delegaron as tarefas de goberno en homes de confianza.
- **A quebra económica** polos anos de guerras e as débedas da coroa.
- **Algúns conflitos internos** (revoltas en Portugal e Cataluña e a expulsión dos mouriscos)

Todos estes factores precipitaron a decadencia do predominio español, e deron paso á hexemonía doutras potencias europeas.

Como consecuencia, España viviu unha **profunda crise** causada polo descenso xeneralizado na produción da agricultura, a gandería e as actividades artesanais. Ademais, descendieron as riquezas que chegaban de América e que servían para aliviar as débedas da monarquía.

Por outra parte, a morte de Carlos II sen descendencia desataría en España a **Guerra de Sucesión** (de 1701 a 1713), un conflito en que se enfrontarían dúas casas reais polo control de España.

Os pretendentes ao trono eran Carlos, arquiduque de Austria, e Filipe de Anjou. Deste enfrontamento saíu vitoriosa a casa francesa de Borbón, que situou a Filipe de Anjou como o rei Filipe V.

A situación socioeconómica no século XVII

O século XVII estivo dominado pola crise económica e social. A situación fórase deteriorando pouco a pouco ata sumir o Estado nunha bancarrota case permanente.

As características que definen a este século son as seguintes:

- Prodúcese un **estancamento da poboación**, pois retárdase o crecemento de habitantes na maior parte dos países de Europa, debido ás fames, ás epidemias e aos conflitos armados entre países.

- A demanda de alimentos, unida ás pobres colleitas polas condicións climáticas e as técnicas de cultivo anticuadas, levou á **diminución da produción agrícola**.

- A elaboración de produtos artesanais nun sistema gremial cada vez máis ríxido encarecíao e impedía que se introducisen innovacións no proceso de produción, organización e comercialización. Desenvolveríase un sistema novo de produción chamado **sistema doméstico**.

- O **comercio** pasou a ser controlado polas potentes compañías inglesas e holandesas que buscaban entrar no comercio con América ignorando a monarquía hispánica, cada vez con máis problemas e menos influencia internacional.

A **suba de impostos e rendas** por parte dos reis e a nobreza ás clases populares, a **falta de alimentos** e a **presión sobre os campesiños** xeraron o escenario propicio para numerosas revoltas sociais que estalaron en Europa.

América nos séculos XVI e XVII

Durante o século XVI o continente americano foi explorado por diversos conquistadores españois que obtiñan riquezas e poder co permiso e o apoio da coroa. Algúns destes foron Hernán Cortes ou Francisco Pizarro.

Os españois explotaron o territorio americano mediante o sometemento dos indíxenas a traballos forzosos. Así, fixéronse con metais preciosos e tiraron proveito das terras mediante a agricultura e a gandería. A produción obtida, incluídos os metais preciosos, era parte do complexo sistema de intercambio comercial entre o novo continente e España. Algúns deses produtos son alimentos:



Moitos dos conquistadores, os integrantes dos exércitos e os que ían probar fortuna buscando unha nova vida establecéronse definitivamente en América. Tamén se asentaron alí, conforme foi avanzando o século, os que eran designados para organizar e controlar as terras ocupadas e, polo tanto, os territorios baixo dominio español.

No seu contacto cos indíxenas e cos africanos traídos como escravos conformarían unha nova sociedade na que os privilexios e a riqueza estaban nas mans dos colonos.



Ilustración do último emperador azteca, Cuauhtémoc, e os seus súbditos mostrando a súa rendición ante Hernán Cortés na capital Tenochtitlan.

Galicia na época dos Reis Católicos

Os Reis Católicos desenvolveron unha política orientada a:

- **Que Galicia perdese a idea de reino.** Con este fin reducírona e dividírona en cinco provincias: Mondoñedo, Lugo, Ourense, Tui e Santiago de Compostela.
- **Controlar Galicia.** Para iso, crearon, a finais do século XV:
 - **A Capitanía Xeral de Galicia:** gobernada sempre por un nobre non galego
 - **A Real Audiencia de Galicia,** para pacificar e facer cumprir a lei dos monarcas.
 - **A Xunta do reino de Galicia,** para intermediar entre o goberno e o antigo Reino de Galicia, para asignar a cada provincia os tributos esixidos pola Coroa e para representar o reino nas Cortes castelás.



A rendición de Granada, de Francisco Pradilla y Ortiz (1882)

Galicia na época dos Austrias

Poboación

Durante o goberno dos Austrias aumentou a poboación en Galicia, pero de xeito desigual. A partir do século XVI vanse poboando máis as comarcas do litoral. Débese a que a economía era máis próspera nestas zonas, pola abundancia de pesca, sobre todo de sardiña, en Pontevedra e Noia, e polos movementos de barcos mercantes en portos como Baiona e A Coruña. Tamén influíu a implantación dun novo cultivo, o millo, traído de América, co que se obtiñan maiores rendementos que co centeo ou co trigo, e que empezou a sementarse polas Rías Baixas.

A densidade da poboación galega era moi alta. Non obstante, as épocas de fames e de pestes producían grandes mortaldades e a poboación disminuía, sobre todo entre a xente pobre e o campesiñado.

Sociedade

Diferéncianse varios grupos:

- **Nobres**, poucos, por emigraren en tempos dos Reis Católicos. Tiñan o señorío dun lugar, pero non eran propietarios.

- **Os señores da terra**, propietarios de gran parte dos terreos cultivados:

- **A Igrexa**, co alto e baixo clero. Pertencían ao primeiro grupo os bispos, os cabidos e os mosteiros; ao segundo, os cregos das parroquias rurais. As autoridades eclesiásticas – abades e bispos- non podían ser galegas e a maior parte das rendas marchaban para fóra de Galicia.

- **Fidalgos**: Descendentes de familias nobres en decadencia, eran numerosos.

- **A xente do común**, que era os campesiños, os pescadores, os artesáns e a escasa burguesía comercial. No caso dos labregos, as relacións cos señores da terra semellaban ás veces seren de vasalaxe coma na Idade Media.

A desigual repartición das ganancias, as abusivas cargas, os pagamentos das rendas dos foros ... orixinaron continuos conflitos entre os campesiños e os señores da terra.

Economía

- **Agricultura**: A maior parte da poboación vivía no campo e da agricultura. O crecemento da poboación fixo que as leiras fosen cada vez máis pequenas e xurdiu o minifundismo. En xeral, era unha agricultura de subsistencia: producía para pagar as rendas e cargas dos agricultores e para manter a familia.

- **A pesca**: Os portos pesqueiros máis importantes de Galicia eran Pontevedra e A Coruña na captura da sardiña, Vigo no congro, Ribeira no polbo e Foz, Burela e San Cibrán nas baleas. En Pontevedra pescábase co cerco real, que esixía a participación de moitos barcos e duns 100 mariñeiros.

- **A industria** : A actividade industrial estaba representada esencialmente polos oficios artesanais. Os artesáns das vilas e cidades agrupábanse en gremios que controlaban o funcionamento, a produción e as normas polas que se rexían os seus membros.

O poder e a administración



Sachando, de Arturo Souto.

Décimos, foros, primicias, tributos ao Estado ...
eran cargas que os campesiños debían aboar.

Ás veces supoñían o 50% da produción das súas terras.

Desde a época dos Reis Católicos funcionaban diversas institucións encargadas da xustiza, do goberno e da administración do reino de Galicia:

- **A Real Audiencia:** Tiña funcións de xustiza e de goberno e transmitía as ordes do poder central. Estaba presidida por un gobernador que á súa vez era un capitán xeneral, case sempre un nobre de fóra de Galicia

- **A Xunta do Reino.** Era a representación legal da monarquía, pero só tiña funcións consultivas. En Galicia non había un goberno propio e a política era ditada desde as Cortes centrais. Con todo, a existencia da Xunta supoñía o recoñecemento do reino de Galicia, aínda que non houbo dereito ao voto nas Cortes españolas ata o ano 1623.

- **A Inquisición.** Creada no reinado de Filipe II, tivo como misión principal evitar a entrada das ideas protestantes a través das cidades costeiras. Outras comunidades perseguidas pola Inquisición en Galicia foron a xudía e a mourisca.

Actividade 5:

- Que pretendía a política dos Reis Católicos en Galicia ?
- Caracteriza a sociedade galega da época dos Austrias.

1.- Responde ás actividades 1 a 5

2.- Escolle un dos seguintes temas e realiza un traballo (portada – índice – desenvolvemento – bibliografía)

- Reis Católicos
- Conquista de América
- Carlos I
- Filipe II
- Guerra de Sucesión
- Hernán Cortes
- Francisco Pizarro
- Inquisición